


NOTA DE PRENSA

FEGADEM xestionará 11 proxectos este 2026 grazas aos fondos da 'X Solidaria' da declaración da renda



Programa de información, orientación e asesoramento para mellorar a calidade de vida das persoas con EM. FEGADEM

- Grazas ao cofinanciamento da **Consellería de Política Social e Igualdade** da **Xunta de Galicia** a través dos fondos do **0,7% do IRPF**, este 2026 a **Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM)** xestionará 11 programas e investimentos, dos cales 8 serán executados polas entidades membro da Federación.
- Esta subvención permitirá a FEGADEM seguir contando con varios e varias **profesionais**: unha da educación social, outra da comunicación, un servizo de asesoramento xurídico e un grupo de apoio coordinado por unha psicóloga especializada.
- Grazas a estes fondos, a Federación executará un **programa de información, orientación e asesoramento**; outro de **comunicación**, e outro de **apoio ás persoas con EM**. Ademais, **adquirirá material informático e de oficina para mellorar os servizos das persoas con Esclerose Múltiple (EM)**.

Santiago de Compostela | 13/3/2026

Este ano 2026, a **Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM)** seguirá ofrecendo os seus programas de **información, orientación e asesoramento para mellorar a calidade de vida das persoas con EM**; **ComunicatEM**, un **programa de sensibilización e comunicación na EM**, e o **programa de apoio a persoas con EM**. A finalidade destes tres programas é seguir mellorando a calidade de vida das persoas con EM en Galicia, ofrecendo apoio e acompañamento social, identificando as necesidades, e orientando e sensibilizando á sociedade sobre estas realidades. Ademais, a Federación **xestiona os 11 programas** financiados por esta subvención, dos cales 8 serán executados polas entidades membro e 4 por FEGADEM.



ComunicatEM: Programa de sensibilización e comunicación na Esclerose Múltiple. FEGADEM

Con estes programas, a Federación orientará e asesorará ás persoas con Esclerose Múltiple e ás súas familias, ademais de realizar accións de sensibilización e coordinando o traballo coas cinco asociacións membro. Tamén continuará co seu servizo de asesoramento xurídico para persoas con EM e familias e o grupo de apoio para persoas que se atopan nesta situación. Para facer todo isto posible, FEGADEM seguirá contando cunha profesional da **educación social** e unha profesional da **comunicación**, ademais da **asesoría xurídica** FISELA e unha **psicóloga** especializada para coordinar os grupos de apoio. No relativo ao material, a Federación **adquirirá material informático e de oficina para mellorar a atención das persoas con EM**.



Programa de apoio a persoas con EM. FEGADEM

Todos estes programas, así como os que executarán as asociacións, poderán levarse a cabo grazas ao cofinanciamento da Xunta de Galicia a través dos fondos do **0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)**, procedentes das persoas que marcan a o cadro de 'Actividades de interese xeral consideradas de interese social' na declaración da renda. Destes

programas **beneficiaránse un total de 1.632 persoas** da comunidade autónoma galega que conviven coa Esclerose Múltiple, ademais das **5 entidades membro** da Federación.

ESCLEROSE MÚLTIPLE

A Esclerose Múltiple afecta en España a preto de **60.000 persoas**, constituíndose como unha das enfermidades máis comúns do Sistema Nervioso Central (SNC). Galicia é unha das áreas peninsulares coa prevalencia máis alta, existindo na actualidade unhas 4.500 persoas diagnosticadas. É unha enfermidade crónica, autoinmune, desmielinizante, neurodegenerativa e progresiva do SNC.

Os síntomas temperáns máis habituais son a fatiga, problemas de visión, formigueos, entumecementos, vertixes e mareos, debilidade muscular, espasmos e problemas de equilibrio e coordinación. Moitas manifestacións da enfermidade son invisibles, pero afectan ao día a día de quen convive con ela, como os trastornos motores, cognitivos e da agudeza visual, acompañados doutras alteracións coma a ansiedade ou a depresión. Na web da Federación recóllese información máis detallada sobre esta enfermidade, novidades, tratamentos, síntomas e outros conceptos relacionados.

QUE É FEGADEM

A Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM) creouse no 2011 como resultado dunha reunión na que representantes das asociacións galegas de Esclerose Múltiple decidiron constituírse nunha Federación de asociacións sen ánimo de lucro, para garantir a calidade de vida das persoas que conviven con esta enfermidade e as súas familias. Ten a sede en Santiago de Compostela e traballa de forma coordinada coas asociacións (ACEM Coruña, ACEM Santiago, ALUCEM, AODEMPER e AVEMPO) para chegar ás catro provincias galegas.

Para máis información, contactar con:

Natalia Fernández Sánchez (Departamento de Comunicación de FEGADEM)

comunicacion@esclerosismultiplegalicia.org

604 035 684